



UNIVERSIDAD DE SANTIAGO
 REGISTRO GENERAL
 N.º 5979
 12 JUN. 1992
 SALIDA

Mediante Resolución do 4 de maio de 1,992, a Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación e Ciencia establece a posibilidade de reflexar a obtención do Grao en Universidades españolas nas credenciais de homologación de títulos extranxeiros.

Aos efectos de dar cumprimento a resolución citada,

ESTE RECTORADO RESOLVEU:

PRIMEIRO.- Os alumnos que posexan títulos españois por homologación dun título extranxeiro e teñan obtido o grao de licenciatura conforme o disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, poderán solicita-la anotación do mesmo no reverso da credencial da homologación expedida polo Ministerio de Educación e Ciencia.

SEGUNDO.- As solicitudes de anotación deberán presentarse na Secretaría dos Centros adxuntando o orixinal da credencial, que se remitirán a Sección de Títulos xunto ca certificación acreditativa de que o alumno obtivo o grao, que en todo caso deberá conter, ademais dos datos persoais, os seguintes extremos:

- a) Modalidade pola que accedeu ó grao.
- b) Calificación obtida.

TERCEIRO.- 1- No reverso da credencial de homologación realizarase a seguinte anotación en galego e castelan:

"Reverso da Credencial de data....., pola que se homologa a D/Dª.....o seu título (ou estudos) ó título español de.....
 (Nº de rexistro.....).



Con data..... o titular da presente credencial obtivo na Universidade de Santiago de Compostela, conforme ó disposto nos seus Estatutos, o Grao de Licenciado en....., mediante a superación do... (examen de grao ou tesina)... coa calificación de.....".

2- A data de obtención do grao será a da acta que o recoñeza.



3- A anotación deberá ser firmada polo Rector e polo Xefe do Servicio de Alumnado.

CUARTA.- 1- A anotación a que se refire a presente resolución non devenga precio público algún.

2- Na Sección de Títulos levarase arquivo das anotacións de grao realizadas.

Santiago, a 12 de xuño de 1.992.

O RECTOR.

SRA. XEFA DA SECCIÓN DE TÍTULOS.